

BOLETÍN

UVIGO/HUMANA

10

O BOLETÍN

UVIGO/HUMANA

BENVIDOS/AS

Con este novo boletín queremos dar a coñecer á comunidade universitaria as actividades de acción solidaria, voluntaria e de cooperación no marco da Axenda 2030 organizadas pola Universidade de Vigo, así como aquelas impulsadas por outras administracións, entidades sociais e ONGD da nosa contorna.

Se es membro da comunidade universitaria ou pertences a unha ONGD ou entidade social e queres dar a coñecer entre a comunidade universitaria a túa iniciativa de acción solidaria, contáctanos en:

Área de Equidade e Diversidade.

[+ Info \[dir.ec.equidade@uvigo.gal\]\(mailto:dir.ec.equidade@uvigo.gal\)](mailto:dir.ec.equidade@uvigo.gal)

A UNIVERSIDADE E A AXENDA 2030 DAS NACIÓNS UNIDAS

A Universidade, na súa calidade de axente de cambio social e desenvolvemento, está adherida ao Pacto Mundial das Nacións Unidas. Entre outras cousas, isto significa que ten a responsabilidade de poñer en contacto á comunidade universitaria con diversas entidades sociais baixo os principios e obxectivos recollidos na Axenda 2030. En consecuencia, a política de responsabilidade social da Universidade debe estar orientada cara a consecución dos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), coa fin de xerar condicións que contribúan a acadar un mundo máis xusto, igualitario, solidario e sostible. [+Info](#)

AXENDA

ABRIL

L	M	MÉ	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7 Día Mundial da Saúde (OMS)	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22 Día Mundial da Nai Terra	23
24	25	26	27	28 Día Mundial da seguridade e saúde no traballo	29	30

Avance Maio: [Semana galega da Cooperación](#) do 9 ao 11 de Maio . Reserva a data!

CHAVES DESTE NÚMERO

A [Rede Galega de Cooperación Universitaria](#), integrada pola Universidade da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo organiza "A [Semana Galega da Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento](#)". As xornadas terán presenza nos campus das tres universidades galegas e poderán seguirse online.

Lugar e datas:

Vigo:	Santiago de Compostela:	A Coruña:
Día 9 de maio XORNADA 1: ALIANZAS Sala 1. Edificio Miralles. Campus de Vigo	Día 10 de maio XORNADA 2: A Universidade creando conciencia. Campus Sur . USC	Día 11 de maio XORNADA 3: As persoas. Campus Elviña. UDC

Estas xornadas van dirixidas a docentes, investigadores/as, estudantes, persoal universitario de servizos e administración así como a traballadores/as das entidades sociais e público en xeral que teña un interese especial na cooperación universitaria ao desenvolvemento (CUD). As xornadas articúlanse en torno a relatorios, mesas redondas, paneles de experiencias, presentacións de pósters. Ademais da presentación de relatorios e a celebración de mesas de debate, está prevista a unha sesión de presentación de pósters

Para máis información:
contacta
con direc.equidade@uvigo.es
Inscríbete aquí: [Formularios](#) |
[Secretaría Online Universidade](#)
[de Vigo \(uvigo.gal\)](#)

Semana Galega da
**COOPERACIÓN UNIVERSITARIA
AO DESENVOLVEMENTO**

**3 xornadas
en 3 sedes distintas**

9/05/2023
Alianzas
Universidade de Vigo

10/05/2023
**A Universidade
creando
conciencia**
Universidade de Santiago
de Compostela

11/05/2023
As persoas
Universidade da Coruña

9-11 de maio de 2023

Inscripcións a partires do día 12 de abril
<https://bit.ly/inscripcion-Semana-Galega-CUD>

Modalidade presencial con retransmisión
telemática

Contacta coas universidades
organizadoras:
direc.equidade@uvigo.es
sepiu.santiago@usc.gal
oovter@udc.es

COOPERACIÓN GALEGA | RGCUD | USC | UNIVERSIDADE DA CORUÑA | Universidade de Vigo

[Descarga o programa preliminar \(Castelán\)](#)

[Descarga o programa preliminar \(Galego\)](#)

CURSOS E XORNADAS

CURSO "ABORDAXE DOS PROBLEMAS DE ALIMENTACIÓN EN TEA": O próximo sábado 29 de abril de 10h a 14h terá lugar o curso "Abordaxe dos problemas de alimentación en TEA". O obxectivo do curso é facilitar ferramentas, programación e boas prácticas para mellorar as dificultades nas condutas alimenticias nas persoas con TEA. O prazo de inscrición remata o martes 18 de abril de 2023 ás 12 h. [+Info e inscrición](#)

Curso de iniciación. Falemos de diversidade. A Universidade de Vigo é inclusiva é aquela que considera a diversidade como unha oportunidade de desenvolvemento e aprendizaxe, o que convida a desenvolver novas competencias aos membros da comunidade universitaria. A actividade formativa trata sobre as necesidades educativas especiais. Esta actividade está destinada ao profesorado da Universidade de Vigo. Terá preferencia o profesorado que estea no POD deste ano académico.

Se quedan prazas dispoñibles poderán participar outros perfís da Universidade de Vigo, baixo o criterio da Área de Formación e Innovación Educativa. Desenvolverase en modalidade virtual síncrona os días 12, 14 e 19 de abril de 16 a 18.30 horas. [+Info](#)

Energías renovables e casos inspiradores. O próximo 11 de abril (16:00h. CEST) terá lugar en Madrid (Universidad Camilo José Cela) un Diálogo Multiactor con motivo da presentación do informe *Energías renovables: casos inspiradores para mellorar o seu despliegue no territorio*. Organizado pola Rede Española para o Desenvolvemento Sostible (REDS-SDSN Spain) e poderase seguir de xeito virtual. Solícitase inscrición previa. [+Info](#)



Grandes desafíos de hoxe para un futuro sostible: axendas para o cambio desde unha mirada sistémica. Neste curso –organizado por Futuro en Común en colaboración con ECODES e a Coordinadora- analízanse os desafíos do desenvolvemento sostible e o seu carácter interdependente e global. Tamén se abordan as súas causas estruturais, o rol da sociedade civil e as posibles solucións, articuladas desde o ámbito local ao global, as posibilidades que pode aportar a Axenda 2030 e a necesidade de consolidar a coherencia de políticas para o desenvolvemento sostible para promover un modelo de desenvolvemento xusto, inclusivo, sostible e baseado nos dereitos humanos. [+Info](#)

Faladoiro na Escola de Minas e Enerxía presentando o voluntariado (internacional e nacional) en ESF. O vindeiro mércores 10 de maio do 2023, ás 13 horas, terá lugar un faladoiro presentando ao voluntariado na Escola de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo.

XXV Curso de Cooperación para o Desenvolvemento de Asentamentos Humanos Precarios. Instrumentos de Habitabilidade Básica. O principal obxectivo do curso é a Formación de recursos humanos en cooperación para o desenvolvemento de asentamentos humanos (AH), en resposta á crecente demanda de técnicos especializados en plan urbano, aloxamento e revitalización xeral do patrimonio construído. O Instituto de Cooperación en Habitabilidade Básica (ICHaB-ETSAM), Universidade Politécnica de Madrid (UPM) convocan o seguinte curso. [Para +Info](#)

FOTOGRAFÍA, XÉNERO E DIVERSIDADE. Diálogos e aprendizaxes a través da imaxe. Interred Galiza organiza a formación FOTOGRAFÍA, XÉNERO E DIVERSIDADE. Diálogos e aprendizaxes a través da imaxe. As sesións terán lugar na sede da entidade os días 7, 14, 21 e 28 de marzo, e 11, 18 e 25 de abril. [Máis información: interredgalicia@gmail.com](mailto:interredgalicia@gmail.com), 693537279

BOLSAS

Premio Universidade Loyola á Investigación en Desenvolvemento, 4ªEd. A Universidade Loyola seguindo coa súa tradición de máis de 30 anos de traballo en Desenvolvemento, comprometida con fomentar e impulsar un desenvolvemento Humano e Integral, Solidario e Inclusivo, Sostible e vinculado aos ODS por medio da investigación e produción científica sobre a realidade en todas as súas dimensións, convoca a cuarta edición do "Premio Universidade Loyola á Investigación en Desenvolvemento". O prazo para a presentación de traballos remata o día 15 de abril do 2023. [+Info](#)

V PREMIO DE TESE DE DOUTORAMENTO EN COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO. O Grupo 9 de Universidades (G-9) fixo publica hoxe a convocatoria do V Premio de Tese de Doutoramento en Cooperación para o Desenvolvemento que ten como obxectivo premiar, nesta ocasión, traballos que versen sobre temáticas de Educación para a Transformación Social (EpTS). As teses deberon ser defendidas, satisfactoriamente, entre o 1 de xaneiro de 2017 e o 31 de decembro de 2021, en calquera universidade pública española. As persoas interesadas teñen de prazo ata o 31 de agosto de 2023 para presentar a solicitude, enchendo o seguinte formulario dispoñible na páxina web do Grupo 9 de Universidades (www.uni-g9.net). [+Info](#)

Programa de axudas a entidades sen ánimo de lucro para o cofinanciamento de proxectos de investimento no ámbito da axuda ao desenvolvemento durante o exercicio de 2023. A Deputación da Coruña abre a convocatoria para presentarse ás axudas a entidades sen ánimo de lucro para o cofinanciamento de proxectos de investimentos no ámbito da axuda ao desenvolvemento durante o exercicio 2023. [+Info](#)

POSTOS E VACANTES

Persoal Técnico ACPP Galicia. Convoca Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) Galicia Lugar Santiago de Compostela. Fin de prazo para enviar solicitudes: Ata o 3 de abril. [+Info](#)

GDI: profesor/a de Economía para o Desenvolvemento. *A University of Manchester* convoca a praza de *Lecturer In Development Economics (Teaching and Research)*, para o *Global Development Institute (GDI)*. Ata 24 de abril. [+Info](#)

IOB: bolsa de doutoramento para Estudos do Desenvolvemento O *Institute of Development Policy (IOB, University of Antwerp)* busca cubrir unha praza de bolseiro/a de doutoramento no eido dos Estudos para o Desenvolvemento, con enfoque en economías para os refuxiados. Ata o 15 de maio. [+Info](#)

VOLUNTARIADO

Dende a Asociación Amigos da Terra

buscan activistas para unha universidade

Residuo 0. Este programa estará dirixido a afianzar unha comunidade universitaria coñecedora, consciente e sensibilizada da problemática da xeración excesiva dos residuos e as súas problemáticas asociadas e disposta a pasar á acción implicándose en cambios transformadores que van dende o individual ata o colectivo, xerando novos hábitos que pasarán a formar parte da nova cultura universitaria do residuo cero nos campus universitarios das Universidade de Vigo e Santiago.



[+Info](#) e contacto: activistas@amigosdaterra.net Whatsapp: 611063186



Catálogo de bibliografía sobre conflictos armados e inseguridad alimentaria

Karlos Pérez de Armiño (coord.), Jokin Alberdi Bidaguren, Eduardo Bidaurratzaga Aurre, Héctor Martínez del Pino, Irantzu Mendia Azkue, Raket Oion Encina, Juan Carlos Pérez de Mendiguren Castresana, June Tejedor Castillo, Iker Zirion Landaluze

Bilbao: Instituto Hegoa (UPV/EHU), 2022, ISBN: 978-84-19425-02-7, 57 pp.



Os ODS nas políticas de cooperación ao desenvolvemento das comunidades autónomas españolas

Javier Sánchez Cano

Barcelona: Departamento de Acción Exterior y Unión Europea de la Generalitat de Catalunya y PLATFORMA, 2022, 40 pp.

PUBLICACIÓN DE ARTIGOS

- O comité organizador da *International Conference on Education Research for Development in Africa* (ICERDA, University of Cape Coast, Ghana, 19-21 de setembro) invita ao envío de resumos. O tema central da conferencia é *Repurposing the Global Development Education Agenda for Africa's Future*. Envíos ata o 14 de abril. [+Info](#)

- O **Council for the Development of Social Science Research in Africa** (CODESRIA) invita ao envío de artigos para a conferencia académica, no marco da 16th General Assembly, co tema *The Social Sciences and 'Pandemics' in Africa* (Dakar, Senegal, 4-8 de decembro de 2023). Envíos ata o 15 de abril. [+Info](#)
- A **Global Association of Master's in Development Practice Programs** (MDP), xunto coa **Sustainable Development Solutions Network** (SDSN), invitan ao envío de propostas para a *Eleventh Annual International Conference on Sustainable Development* (ICSD), co tema *The Midpoint of the SDGs: Global and Local Progress & Challenges* (formato híbrido, 18-20/setembro). Envío de resumos ata o 1 de maio. [+Info](#)

FORMACIÓN

Oferta de Posgraos en Estudos do Desenvolvemento. Co propósito de dar a coñecer os Programas de Posgrao en Estudos do Desenvolvemento que imparten as nosas institucións socias, poñemos a disposición a información sobre este tipo de programas. [+Info](#)

NOVAS DO DUVI

A alumna Ana M^a Aido gaña o premio ao mellor TFG sobre Axenda 2030 convocado pola CRUE, AECID e a Fundación Carolina [+Info](#)

Unha exposición fai memoria da resposta social de Nunca Máis á catástrofe do Prestige [+Info](#)

Un proxecto busca asignar aos municipios unha cota de responsabilidade na loita contra o cambio climático [+Info](#)

COÑECE ÁS ENTIDADES SOCIAIS DA NOSA CONTORNA

Amigos da Terra é unha organización que sempre destacou por plantexar unha actitude de defensa do medio ambiente, realista e construtiva, que apoia aquelas iniciativas que van xurdindo e axuda a mellorar o noso contorno dende a práctica e a acción.



Somos unha asociación ecoloxista que ten como misión o fomento do cambio local e global cara a unha sociedade máis respectuosa co medio ambiente, xusta e solidaria.

Pretendemos un mundo onde todos os seres vivos e pobos vivan con dignidade e harmonía coa natureza.

[+Info](#)

RECURSOS EN LIÑA

Publicacións en liña en materia de cooperación e desenvolvemento en Galicia (Coordinadora Galega de ONGD) [+Info](#)

Catálogo de publicacións de Cooperación Española [+Info](#)

Outros catálogos en materia de cooperación e desenvolvemento (Cooperación Española) [+Info](#)

Publicacións da asociación Provivenda [+Info](#)

Publicacións de Enxeñería Sen Fronteiras [+Info](#)